



DRAGAL II

A METAMORFOSE DO DRAGÓN

Elena Gallego Abad


Fóra de Xogo (1365134)

360 páxinas, novela

ISBN: 978-84-9914-221-0

P.V.P: 11,00 €

NOVIDADES MARZO 2011



« DRAGAL II. A METAMORFOSE DO DRAGÓN » DE ELENA GALLEGO ABAD

NA PROCURA DUN MILAGRE QUE LLES AXUDE A SALVAR O SEU AMIGO, MÓNICA E DON XURXO DEBERÁN DESVELAR AS CLAVES AGOCHADAS NA MILENARIA IGREXA DE SAN PEDRO.

Coa policía investigando o estraño roubo da igrexa de San Pedro, Mónica prepárase para acudir á súa cita na Poza da Moura. A moza non sabe aínda que a noticia da desaparición de Hadrián corre pola vila coma un regueiro de pólvora nin que alguén vixía de preto os seus pasos. Mentres agarda por ela, Dragal descobre, por primeira vez na súa milenaria existencia, a limitación dos seus poderes. Para recuperar o seu lugar privilexiado na escala biolóxica, o dragón ten que absorber a materia gris do cerebro de Hadrián e acadar a simbiose da súa alma. Se consegue humanizarse o mundo será seu, mais do contrario...

Na procura dun milagre que lles axude a salvar o seu amigo, Mónica e don Xurxo deberán desvelar as claves agochadas na milenaria igrexa de San Pedro. Daquela descubrirán que, para cumprir os designios da profecía, os cabaleiros da Orde de Dragal xa iniciaron o seu regreso.

Elena Gallego Abad (Teruel, 1969) é xornalista, cunha ampla traxectoria profesional nos medios de comunicación galegos, tanto na prensa escrita coma na radio. Membro do Colexio Oficial de Xornalistas de Galicia (CPXG) e da Federación Internacional de Periodistas (FIP), dende 1987 a 1999 desempeñou labores de locutora e redactora das emisoras de Radio Ourense (SER), Radio Minuto Santiago (Ondas Galicia), Radio Popular de Ourense (COPE), Voz de Galicia Radio e Onda Cero Ourense. No período 1994-1996 colaborou como redactora e fotógrafo en distintas delegacións dos xornais *La Voz de Galicia* e *La Región*. En 1998 recibiu o Premio "Xosé Aurelio Carracedo" de Xornalismo da Deputación Provincial de Ourense, no apartado de Medios Audiovisuais, pola produción e realización do programa "A Fiestra", emitido por Onda Cero Ourense. En 1999 incorporouse ao cadro de *Faro de Vigo*, desempeñando o labor de xornalista nas súas delegacións de Ourense, Pontevedra e, dende 2002, en Cangas do Morrazo onde actualmente traballa. Como narradora publicou *Dragal. I. A herdanza do dragón* (Xerais 2010), novela finalista do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura xuvenil 2009 e *Dragal II. A metamorfose do dragón* (Xerais 2011).